

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027976	IES Poeta Añón	Outes	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	1º ESO	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	34
6. Medidas de atención á diversidade	34
7.1. Concreción dos elementos transversais	36
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	37
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	38
9. Outros apartados	38

1. Introducción

A actual programación ten como referencia o marco legislativo que sostén o sistema educativo galego. Contémplase a Resolución do 6 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/2024. Alén disto, considérase a ORDE 8 setembro 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Por último, esta programación adáptase, con posterioridade, á ORDE do 3 de maio de 2023 polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria, pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física.

Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios. A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística.

Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comunicámonos	<p>Esta unidade xira ao redor de varios eixes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O proceso comunicativo e a incidencia dos seus elementos, tanto na forma, como na correcta interpretación das mensaxes. Prestarase especial atención a intención comunicativa do emisor. - A coherencia, cohesión e adecuación do texto escrito. - Os constituíntes morfolóxicos, os procedementos de formación de palabras. - Os diferentes tipos de relacións semánticas entre palabras. - A creación dun glosario por parte do alumnado co vocabulario dos textos lidos na clase, que continuará en tódalas unidades posteriores. 	8	16	X		
2	Conta, conta...	<p>Esta unidade céntrase en tres aprendizaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A comprensión, análise e produción oral e escrita de narracións. - A mellora da ortografía aplicando as regras de uso de maiúsculas e minúsculas. - A lectura autónoma dunha obra da literatura xuvenil elixida polo alumnado a partir dunha preselección. Posto que a lectura progresivamente autónoma supón un obxectivo da materia, o alumnado continuará realizando este tipo de lecturas na segunda e terceira avaliación. - Estudiarase o sustantivo para que o alumnado poida identificalos en textos narrativos e empregar correctamente os procedementos de formación do xénero e do número. 	8	15	X		
3	Escribe e describe	<p>A finalidade desta unidade é dotar ao alumnado de pautas para a redacción e comprensión de textos descritivos en función da intención comunicativa do emisor; para iso, estudaranse as características lingüísticas e recursos propios deste tipo de textos e identificaranse as categorías gramaticais dominantes nos mesmos, especialmente os adxectivos.</p> <p>Ao final desta unidade cada alumno realizará unha descrición subxetiva do seu</p>	8	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Escribe e describe	entorno máis próximo. Para lograr maior corrección ortográfica e gramatical e variedade léxica nos textos escritos, estudiaremos as regras xerais de acentuación e os procedementos de formación do xénero, número e grao.	8	15	X		
4	Últimas noticias	A redacción e comprensión de textos do ámbito social será o obxectivo desta unidade. Analizarase o contido, a estrutura e os elementos constitutivos da noticia e dotarase ao alumnado de ferramentas para diferenciar o periodismo de opinión do informativo. A identificación e clasificación dos diferentes tipo de determinantes iniciará ao alumnado na reflexión lingüística. O coñecemento das regras de acentuación de hiatos e ditongos, facilitará a revisión e corrección de textos propios e alleos.	8	14	X		
5	Un mundo de ficción	Para que o alumno empregue estratexias e paradigmas aplicables á análise da obras, destinarase esta unidade a tratar as características dos textos literarios e dos recursos expresivos, así como dos diferentes xéneros. Nesta unidade e nas seguintes continuarase coa lectura autónoma de textos literarios. Por outra banda, estudarase a lingua como sistema e as súas unidades básicas a través da clasificación e identificación de pronomes e dos seus referentes, destacando a súa relevancia para cohesionar textos gramaticalmente; tamén se comezará co estudio do verbo. Por último, o estudio das regras de uso do H e a amplicación do vocabulario contribuirán a unha correcta expresión escrita.	17	20		X	
6	Mitos e lendas	Trataranse as características do mitos e da lenda, para realizar, a continuación, un traballo de investigación en grupo sobre as orixes mitolóxicas de diferentes realidades próximas (animais, prantas...), relacionándoas coa súa representación en diferentes artes. A exposición oral do traballo de investigación permitirá poñer en práctica o aprendido sobre as diferenzas entre a lingua oral e a escrita. O alumno citará as fontes consultadas e valorará a través de guías a súa fiabilidade. No tocante á reflexión lingüística e á ortografía, serán obxecto de estudio o verbo e a clasificación e identificación das	17	20		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Mitos e lendas	palabras invariables. Traballarase o uso das letras G/J /B /V, para a mellora da corrección ortográfica dos textos.	17	20		X	
7	Que é poesía?	Esta destinarase ao estudo dos textos líricos para que o alumno poida valorar a forma e contido dos mesmos: -A lírica e as súas características: a métrica, a rima e a estrofa. - A lírica popular e a lírica culta. O romance e o soneto. - A escritura creativa dun poema. - A identificación e clasificación de sintagmas, do suxeito e do predicado permitirán a reflexión lingüística e a utilización da terminoloxía adecuada. - O estudo da ortografía das letras LL /Y/ X permitirá a presentación de textos correctos desde o punto de vista ortográfico.	17	20			X
8	Imos ao teatro	Nesta unidade, analizaranse as linguas do mundo como unha fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro. A partir da reflexión interlingüística, estableceranse as familias lingüísticas e combateranse os prexuízos lingüísticos. Daranse pautas para a identificación dos usos discriminatorios da lingua, especialmente os sexistas. Para unha mellor organización dos textos, aprenderanse as regras de utilización do signos básicos de puntuación. Estudiarase o xénero teatral vinculado ás formas de comunicación verbal e non verbal (texto e representación), así como as características dos principais subxéneros dramáticos (comedia e traxedia).	17	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comunicámonos	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	Responde a preguntas de comprensión sobre o sentido global dun texto oral, a súa estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor.	PE	95
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a a forma e o contido de textos orais sinxelos avaliando a idoneidade da canle utilizada e a adecuación do rexistro empregado.		
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	Responde a preguntas de comprensión sobre o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor dun texto escrito.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Coñece o significado das palabras dos textos traballados na unidade. Coñece e emprega conectores textuais e mecanismos léxicos e gramaticais de referencia interna. Explica razoadamente se un texto é adecuado. Identifica os lexema, afixos e desinencias das palabras e os significados que aportan.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	A partir da observación e da transformación de enunciados, explica a sinonimia, a antonimia, a polisemia, a homonimia, a familia léxica e o campo semántico.		
CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	Respecta as quendas de palabra sin interromper os demais. Emprega as normas de cortesía propias dos intercambios comunicativos.	TI	5
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal como o educativo e o social.	Resolve de maneira dialogada os conflitos xurdidos na aula. Evita impoñer as súas ideas elevando o ton de voz ou menosprezando as alleas. Suaviza as críticas e amplifica o acordo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.

Contidos

- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. Escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Conta, conta...	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	Responde a preguntas de comprensión sobre o sentido global, a estrutura, información máis relevante e a intención do emisor dun texto narrativo oral.	PE	71
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	Responde a preguntas de comprensión sobre o sentido global, información máis relevante, a estrutura e a intención do emisor dun texto narrativo escrito.		
CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.	Identifica os sustantivos elixidos polo emisor dun texto narrativo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece e analiza o tipo de narrador, personaxes, tempo, orde, espazo, estrutura e técnicas narrativas empregadas (estilo directo e indirecto) nun texto narrativo.		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Responde a preguntas de comprensión sobre un libro escollido a partir dunha preselección e expresa de maneira razoada a súa opinión persoal sobre o mesmo.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Aplica correctamente as regras de uso das maiúsculas e de formación do xénero e número en sustantivos. Coñece o significado das palabras dos textos traballados na unidade.		
CA3.1 - Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza narracións orais, axustándose as convencións propias desta modalidade textual, con fluidez, coherencia, cohesión e adecuación utilizando recursos verbais e non verbais.		
CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	Respecta as quendas de palabra sen interromper os demais. Emprega as normas de cortesía propias dos intercambios comunicativos.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redacta textos narrativos, respectando as súas características, convencións e estruturas, con coherencia, cohesión e adecuación.	TI	29
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Escribe textos narrativos, respectando as súas características, convencións e estruturas, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Revisa a redacción dun texto narrativo de maneira guiada, detecta e subsana erros ortográficos e incorpora outro tipo de correccións realizadas pola profesora.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	Resolve de maneira dialogada os conflitos xurdidos na aula. Evita impoñer as súas ideas elevando o ton de voz ou menosprezando as alleas. Suaviza as críticas e amplifica o acordo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.
 - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
 - Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos.
 - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.
 - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.
 - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
 - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
 - Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
 - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
 - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

Contidos
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Escribe e describe	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	Responde a preguntas de comprensión sobre o sentido global, a estrutura a información máis relevante e a intención do emisor dun texto descritivo.	PE	81
CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.	Explica a interrelación entre o as eleccións lingüísticas e o propósito comunicativo do emisor nun texto descritivo. Determina a través das eleccións lingüísticas do emisor se a descrición e obxectiva ou subxectiva.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Aplica correctamente as regras xerais de acentuación. Aplica os procedementos de formación do xénero, número e grao. Coñece as formas especiais dos superlativos de bo, malo, pequeno e grande. Crea superlativos co sufixo -érrimo. Coñece o significado das palabras dos textos traballados na aula.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica os adxectivos elixidos polo emisor dun texto descritivo.	TI	19
CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	Respecta as quendas de palabra sen interromper os demais. Emprega as normas de cortesía propias dos intercambios comunicativos.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Escribe textos descritivos con coherencia, cohesión e adecuación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Escribe textos descriptivos, respectando as súas características discursivas, lingüísticas e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Revisa a redacción dun texto descriptivo, detecta e subsana erros ortográficos e incorpora outro tipo de correccións realizadas pola profesora.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	Resolve de maneira dialogada os conflitos xurdidos na aula. Evita impoñer as súas ideas elevando o ton de voz ou menosprezando as alleas. Suaviza as críticas e amplifica o acordo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	Últimas noticias	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	Comprende o sentido global, a estrutura a información máis relevante e o propósito do emisor nunha noticia.	PE	75
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Acentúa correctamente hiatos e ditongos e aplica as regras de uso do til diacrítico. Coñece o significado das palabras dos textos traballados na unidade.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica e clasifica os determinantes elixidos polo emisor dun texto.		
CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	Respecta as quendas de palabra sen interromper os demais. Emprega as normas de cortesía propias dos intercambios comunicativos.	TI	25
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redacta unha noticia, respetando os seus elementos características e estrutura, con coherencia, cohesión e adecuación.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Redacta unha noticia respectando as características e estruturas propias deste texto con precisión léxica, ortográfica e gramatical.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Revisa de maneira guiada a redacción dunha noticia, detecta e subsana erros ortográficos e incorpora outro tipo de correccións realizadas pola profesora.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	Resolve de maneira dialogada os conflitos xurdidos na aula. Evita impoñer as súas ideas elevando o ton de voz ou menosprezando as alleas. Suaviza as críticas e amplifica o acordo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos de maneira guiada e fai propostas de mellora da ortografía (uso do til e das maiúsculas e minúsculas) a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos do ámbito social: Produción de textos propios das redes sociais, e dos medios de comunicación. Etiqueta dixital. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. Escucha activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
5	Un mundo de ficción	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	Comprende o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor nun texto literario.	PE	81
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora de maneira razoada se un texto é literario ou non. Identifica recursos literarios en textos.		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Responde a preguntas de comprensión sobre unha lectura autónoma elixida polo alumno a partir dunha preselección e expresa a súa opinión persoal sobre a mesma.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Adscribe de maneira razoada un texto ao xénero literario ao que pertence.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Coñece o significado das palabras incorporadas ao glosario de clase da unidade. Aplica correctamente as regras de uso do H.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica e clasifica os pronomes elixidos polo emisor dun texto.		
CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	Respecta as quendas de palabra sen interromper os demais. Emprega as normas de cortesía propias dos intercambios comunicativos.	TI	19
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redacta un texto narrativo con cohesión, coherencia e adecuación.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Redacta un texto narrativo respectando as características e estruturas deste tipo de textos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Revisa a redacción dun texto narrativo literario propio, detecta e subsana erros ortográficos e incorpora outro tipo de correccións realizadas pola profesora.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	Resolve de maneira dialogada os conflitos xurdidos na aula. Evita impoñer as súas ideas elevando o ton de voz ou menosprezando as alleas. Suaviza as críticas e amplifica o acordo.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea un texto narrativo con intención estética repectando as convencións do xénero ao que se adscriba.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas. <ul style="list-style-type: none"> - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción. - Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. - Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
6	Mitos e lendas	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Soluciona problemas de comprensión lectora aplicando os seus coñecementos sobre os homófonos con B/V	PE	63
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e o propósito do emisor en mitos e lendas.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica de maneira razoada as características propias do mito ou da lenda que presenta un texto.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Aplica correctamente as regras de uso do G, J, B e V. Coñece o significado das palabras dos textos traballados na unidade.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica os verbos e adverbios elixidos polo emisor dun texto e clasifícaos.		
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valora, a partir de guías, a fiabilidade dalgunha das fontes empregadas para a realización dun traballo de investigación.	TI	37
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.	Emprega fontes fiables na realización do seu traballo de investigación.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertenza en función dos obxectivos da lectura.	Na realización dun traballo de investigación cita polo menos tres fontes diferentes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	Respecta as quendas de palabra sen interromper os demais. Emprega as normas de cortesía propias dos intercambios comunicativos.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Realiza un traballo de investigación respectando as características e estruturas propias deste tipo de textos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelabora e comunica de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual.	Realiza un traballo de investigación no que evita o plaxio, cita as fontes consultadas, organiza a información e comunícaa de xeito creativo.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elabora un traballo de investigación sobre un mito e relaciónao con diferentes obras de creación (pinturas, esculturas, películas, outras obras literarias...).		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	Resolve de maneira dialogada os conflitos xurdidos na aula. Evita impoñer as súas ideas elevando o ton de voz ou menosprezando as alleas. Suaviza as críticas e amplifica o acordo.		
CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística.	Participa de xeito adecuado e activo nun coloquio sobre as lecturas realizadas polo alumnado. Realiza ante a clase unha exposición oral do traballo de investigación realizado.		
CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establece vínculos argumentados entre un mito e outras manifestacións artísticas.		
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Cita correctamente as referencias bibliográficas empregadas nun traballo de investigación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.

Contidos

- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
7	Que é poesía?	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Repara algúns problemas de comprensión aplicando os seus coñecementos sobre os parónimos con LL /Y e S/X	PE	81
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido global, a estrutura e as ideas máis relevantes dun texto poético.		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Responde a preguntas de comprensión sobre unha lectura autónoma elixida polo alumno a a partir dunha preselección.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e analiza a métrica e a rima dun poema. Recoñece as principais estrofas e poemas estróficos e non estróficos (romance e soneto). Explicas as diferencias entre a lírica popular e a culta.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Aplica as regras de uso do LL, Y e X. Transforma oracións activas en pasivas. identifica o suxeito e o predicado dunha oración. Diferencia e recoñece a estrutura dos diferentes tipos de sintagmas. Coñece o significado das palabras dos textos traballados na unidade.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	Formula xeneralizacións sobre a formación da pasiva.		
CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	Respecta as quendas de palabra sen interromper os demais. Emprega as normas de cortesía propias dos intercambios comunicativos.	TI	19
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Redacta un texto poético con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Revisa a redacción dun texto poético detecta e subsana erros ortográficos e incorpora outro tipo de correccións realizadas pola profesora.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	Resolve de maneira dialogada os conflitos xurdidos na aula. Evita impoñer as súas ideas elevando o ton de voz ou menosprezando as alleas. Suaviza as críticas e amplifica o acordo.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea un texto poético respectando as características e convencións do xénero e empregando diferentes recursos literarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas. <ul style="list-style-type: none"> - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción. - Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
8	Imos ao teatro	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Coñece as linguas oficiais de España e a súa orixe e distribución xeográfica. Coñece as características do español de América e do español meridional.	PE	87
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna.	Identifica prexuízos lingüísticos relacionados coas linguas e cos dialectos.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica usos discriminatorios da lingua en textos.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica usos discriminatorios da lingua, especialmente os sexistas.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor dun texto dramático.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica a partir da análise dos seu elementos constitutivos as características do texto (diálogo, aparte, e acoutacións) e da representación dos textos dramáticos. Explica as características da traxedia e da comedia a partir da análise dos personaxes, linguaxe, acción desenlace e finalidade.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Aplica correctamente as regras de uso do punto, a coma o signos de interrogación e exclamación e a raia. Coñece o significado das palabras dos textos traballados na unidade.		
CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	Respecta as quendas de palabra sen interromper os demais. Emprega as normas de cortesía propias dos intercambios comunicativos.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	Resolve de maneira dialogada os conflitos xurdidos na aula. Evita impoñer as súas ideas elevando o ton de voz ou menosprezando as alleas. Suaviza as críticas e amplifica o acordo.	TI	13
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Realiza un lapbook sobre unha lectura realizada polo alumno.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística do centro. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. - As linguas de España: orixe, distribución xeográfica e nocións básicas. Diferenzas entre plurilingüismo e diversidade dialectal. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. Escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos.

Contidos

- Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave.

Para conseguir estes obxectivos aplicaranse o principios do método DUA, de maneira que a clase será accesible para todo o alumnado:

- a) Accesibilidade física: pode desprazarse, chegar, entrar, participar nas actividades e permanecer nos diferentes lugares de maneira cómoda
- b) Accesibilidade sensorial/ comunicación: pode acceder, a través dos sentidos, á información necesaria para realizar actividades.
- c) Accesibilidade cognitiva: é capaz de entender as actividades, son de fácil comprensión, predicibles, están adaptados ao seu nivel de comprensión e ten adquiridos os coñecementos básicos necesarios.
- d) Accesibilidade emocional: síntese competente, seguro e acollido realizando as actividades.

Este enfoque require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha

metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...). Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. O deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado.

Por exemplo, o alumnado realizará unha narración oral sobre algunha vivencia ou experiencia significativa para el (unidade 2), elaborará unha descrición subxectiva da súa propia aldea (unidade 3), relacionará diferentes mitos con plantas, animais e outras realidades propias do seu entorno (unidade 6).

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, a realización de exposicións orais ou multimedia, o visionado de recursos audiovisuais, lecturas colectivas ou dramatizadas.

Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación e a súa posterior exposición. Na unidade 6 realizarán, a partir da lectura dun mito, unha investigación sobre o mesmo e a súa recreación en diferentes obras literarias, pictóricas, escultóricas, cinematográficas, etc. A continuación, farán ante o grupo clase unha exposición oral dos resultados da súa investigación. Na unidade 5 realizarán en pequenos grupos unha obra de creación literaria de carácter narrativo.

Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas e ás tarefas de aplicación dos contidos traballados en cada unidade didáctica.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora en todas a unidades:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realizarse un coloquio literario sobre as lecturas elixidas polo alumnado a partir dunha preselección (unidade 6).

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través dun lapbook (unidade 8).

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, situacións comunicativas espontáneas e planificadas de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación (unidades 2 e 6).

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de

vocabulario e presentación). O alumnado terá que presentar da unidade 2 á 8 diferentes tipos de composicións escritas.

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos .

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (unidades 5 e 7).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Dende principio de curso o alumnado creará no caderno un glosario coas palabras cuxo significado descoñece.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Ricardo Lobato e outros, Lengua Castellana y Literatura, Geniox, Madrid, ed. Oxford, 2022
Libros para lecturas autónomas, guiadas e optativas.
Dicionarios dixitais e impresos.
Documentos e recursos elaborados ou facilitados pola profesora.
Plataforma Moodle (Edixgal).
Internet.
Procesadores de textos.
Pizarra tradicional e dixital.
Textos orais, escritos e multimodais en diversos soportes e formatos.
Audios e material audiovisual.
Caderno do alumnado.

Preselección de lecturas autónomas:

María Menéndez Ponte, Nunca seré tu héroe.

Vicente Muñoz Puelles, Cuentos de fantasmas.

Christine Nöstlinger, Una historia familiar.

Patrick Ness, Un monstruo viene a verme.

Joan Manuel Gisbert, La maldición del arquero.

Laura Gallego, La hija de la noche.

Isabel Allende, El bosque de los pigmeos.

José Luis Ferris, El diario de Miguel.

Carlo Fabretti, Calvina.

Ana Alonso, El regalo del río.

Jordi Sierra i Fabra, El asesinato de la profesora de lengua.
 Jordi Sierra i Fabra, Campos de fresas.
 Jordi Sierra i Fabra, El niño que vivía en las estrellas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A realización dunha proba inicial determinará as competencias lingüísticas de cada alumno/a, o nivel medio de coñecemento dos grupos, as dificultades máis comúns, e detectará os casos en que sexa necesario aplicar medidas de reforzo ou ampliación, así como de orientación.

Na proba inicial inclúense cuestións referidas a comprensión lectora, vocabulario, morfoloxía, ortografía e redacción. Aos datos proporcionados pola proba sumárase a información proporcionada polos titores e pola orientadora. As medidas que se adoptarán como consecuencia da avaliación inicial figuran no apartado "Atención á diversidade" desta programación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	8	17	17	17	17	100
Proba escrita	95	71	81	75	81	63	81	87	79
Táboa de indicadores	5	29	19	25	19	37	19	13	21

Criterios de cualificación:

CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN DE CADA AVALIACIÓN

Para a obtención da cualificación de cada avaliación, a ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas. A cualificación trimestral redondearase, de ser o caso, de maneira que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos, sen prexuízo de que a nota mínima será de 1 punto.

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables: probas escritas e táboas de indicadores.

CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final será a media ponderada das tres avaliacións trimestrais (previa ao redondeo): primeira avaliación: 32 % da nota; segunda avaliación: 34 % da nota; terceira avaliación: 34 % da nota.

A cualificación final redondearase, de ser o caso, de maneira que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos, sen prexuízo de que a nota mínima será de 1 punto.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten unha avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

Probas escritas e táboas de indicadores

A) **PROBAS ESCRITAS.** Realizaranse tres tipos de probas escritas:

A1) Probas escritas de lecturas autónomas (CA4.4): 10% da nota das unidades 2, 5 e 7..

A2) Probas escritas de comprensión oral (CA2.1): 10 % da nota das unidades 1 e 2. Na unidade 1 tamén se valorará a forma e contido dun texto oral (CA2.2): 5%

A3) Probas escritas nas que se aplicarán os restantes criterios de avaliación aparellados a este instrumento: unidades 1, 2, 3, 4, 5 6, 7, 8

Especificarase en cada unha das probas a puntuación correspondente a cada pregunta.

B) TABOAS DE INDICADORES

CA3. 2: 4% da nota de todas as unidades.

Respecta as quendas de palabra sen interromper os demais e emprega as normas de cortesía propias dos intercambios comunicativos. Restarase o 1 % por falta.

CA3. 8: 1% da nota en todas as unidades.

Resolve de maneira dialogada os conflitos xurdidos na aula. Evita impoñer as súas ideas elevando o ton de voz ou menosprezando as alleas. Suaviza as críticas e amplifica o acordo. Restarase o 1 % por falta.

UNIDADE 2. Realiza unha narración oral e unha narración escrita.

CA3.1: 10 % da nota da unidade 2.

A) Coherencia: 1 %. Restarase 0,5 % por cada falta.

B) Cohesión: 1 %. Restarase 0,5 % por cada falta.

C) Adecuación: rexistro adecuado ao contexto, vocabulario preciso e corrección gramatical: 1 %. Restarase 0,5 % por cada falta

D) A narración está ben estruturada e desenvolve adecuadamente a presentación, nó e desenlace. Dálle importancia ás tres partes e ningunha queda excesivamente pobre: 1,5 %. Restarase 0,5 por falta.

E) Presenta a información pertinente para o desenvolvemento da narración e non divaga nin hai exceso ou defecto de contido: 3%. Se a narración apenas presenta contido e ideas relacionados co tema do discurso, restarase o 3 %; se presenta certo contido pero é moi pobre, restarase 2,5 %; se é suficiente, pero susceptible de incorporar varias melloras, restarase 2 %; se é aceptable pero susceptible de incorporar algunha mellora, restarase o 1 % .

F) Fluidez. Pronuncia con claridade e cun volume de voz adecuados. A velocidade de exposición é adecuada. Ausencia de retrousos e repeticións innecesarias. Capta a atención dos receptores e míraos durante a exposición:1,5 %. Restarase 0,5 % por cada falta.

G) Emprega medios auxiliares: 1 %. Se non é así, restarase 1 %.

CA3.3: 2% da nota da unidade 2.

A) Coherencia, cohesión e rexistro adecuado. Restarase o 0,5% por cada falta.

B) Presentación (marxes, limpeza, letra, entreliñado, sangrías: 1 %. Restarase 1 % por cada falta.

CA3.4: 8% da nota da unidade 2.

A) A narración está ben estruturada e desenvolve adecuadamente a presentación, nó e desenlace: 1 %. Restarase o 0,5% por cada parte ausente ou mal desenvolvida.

B) Presenta a información pertinente para o desenvolvemento da narración (presentación de personaxes, espazo e tempo, conflito ou feito que modifica a situación inicial e desenlace) e non divaga nin hai exceso ou defecto de contido: 3 %. Se a narración apenas presenta contido ou é moi pobre, restarase o 3 %; se é suficiente, pero susceptible de incorporar considerables melloras, restarase o 2 %; se é aceptable pero susceptible de incorporar algunha mellora, restarase o 1 %

C) Escribe textos narrativos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical: 4%. Restarase 0,5 % por cada falta.

CA3.7: 4%. da nota da unidade 2

Revisa a redacción dun texto narrativo, detecta e subsana erros ortográficos e incorpora outro tipo de correccións realizadas pola profesora. Se ten máis de catro faltas de ortografía, restarase o 1% por cada falta non corrixida; se ten catro ou menos, restarase o 2%.

UNIDADE 3. Realiza unha descrición escrita.

CA3.3: 2% da nota da unidade 3.

A) Presentación (marxes, limpeza, letra, entreliñado, sangrías...): 1 %. Restarase o 1% por cada falta.

B) Coherencia, cohesión e rexistro adecuado. Restarase o 1% por cada falta.

CA3.4: 8% da nota da unidade 3.

A) Escribe textos descritivos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical (4 %) . Restarase 0,5 % por cada falta.

B) Exhaustividade e minuciosidade descritiva: 2 %. Se a descrición apenas presenta contido, restarase o 2 %; se presenta certo contido pero é moi pobre, restarase 1,5 %; se é suficiente, pero susceptible de incorporar varias

melloras, restarase 1%; se é aceptable pero susceptible de incorporar algunha mellora, restarase o 0,05 %.

C) Usa substantivos e adxectivos variados e fai uso do recursos propios da descrición (comparación, personificación, metáforas...): 2 %. Se non fai uso dos recursos propios da descrición, restarase o 1 %; se a adxectivación é pobre, restarase o 1 %.

CA3.7: 4 % da nota da unidade 3.

Revisa a redacción dun texto descritivo, detecta e subsana erros ortográficos e incorpora outro tipo de correccións realizadas pola profesora. Se ten máis de catro faltas de ortografía, restarase o 1% por cada falta non corrixida; se ten catro ou menos, restarase o 2%.

UNIDADE 4. Escribe unha noticia.

CA3.3: 2 % da nota da unidade 4.

A) Presentación (limpeza, marxes, entreliñado, sangrías...): 1 %. Restarase un 1% por cada falta.

B) F) Coherencia e cohesión: 1 %. Restarase 0,5% por cada falta.

CA3.4: 8 % da nota da unidade 4.

A) Escribe textos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical: 4 %. Restarase o 0,5 % por cada falta.

B) A noticia ten un título, unha entrada e un corpo: 1 %. Restarase un 1% se falta algún destes elementos.

C) A noticia é obxectiva: 0,5 %. Restarase un 0,5% por cada falta de obxectividade.

D) O contido está ben desenvolvido e responde ás 6 preguntas da noticia: 2%. Restarase o 1 % por cada falta.

E) O titular é breve, chamativo e recolle o contido da noticia: 0,5 % . Restarase o 0,5 % se non cumpre as características sinaladas.

CA3.7: 4 % da nota da unidade 4.

Revisa a redacción dunha noticia, detecta e subsana erros ortográficos e incorpora outro tipo de correccións realizadas pola profesora. Se ten máis de catro faltas de ortografía, restarase o 1% por cada falta non corrixida; se ten catro ou menos, restarase o 2%.

CA5.3: 6% da nota da unidade 4.

A puntuación dividirase proporcionalmente entre todas as propostas de mellora ortográfica (maiúsculas minúsculas e acentuación) susceptibles de ser aplicables ao texto aportadas polo alumnos e restarase a parte proporcional por cada mellora non aportada a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica.

UNIDADE 5. Escribe unha narración con intención literaria.

CA3.3: 2% da nota da unidade 5.

A) Presentación (marxes, limpeza, letra, entreliñado, sangrías...): 1 %. Restarase o 1 % por cada falta.

B) A narración presenta coherencia, cohesión e adecuación.:1%. Restarase 0,5 por cada falta.

D) Coherencia e cohesión: 1%. Restarase o 0,5% por cada falta.

CA3.4: 6% da nota da unidade 5

Escribe textos narrativos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical: 4% Restarase 0,5 % por cada falta.

B) A narración está ben estruturada e desenvolve adecuadamente a presentación, nó e desenlace: 1 %. Restarase 0,5 % por cada parte ausente ou mal desenvolvida.

C) Presenta a información pertinente para o desenvolvemento da narración (presentación de personaxes, espazo e tempo, conflito ou feito que modifica a situación inicial e desenlace) e non divaga nin hai exceso ou defecto de contido: 1 %. Se a narración apenas presenta contido, restarase o 0,5%; se presenta certo contido pero é pobre, restarase o 1 %.

CA3.7: 4 % da nota da unidade 5.

Revisa a redacción dun texto narrativo, detecta e subsana erros ortográficos e incorpora outro tipo de correccións realizadas pola profesora. Se ten máis de catro faltas de ortografía, restarase o 1% por cada falta non corrixida; se ten catro ou menos, restarase o 2%.

CA4.8: 2% da nota da unidade 5.

Crea un texto narrativo con intención estética repectando as convencións, elementos e estruturas do subxénero narrativo escollido: 2%. Restarase un 1% cada vez que non siga as convención propias do xénero.

UNIDADE 6. Realiza un traballo de investigación escrito, fai unha exposición oral do mesmo e participa nun coloquio sobre as lecturas realizadas.

CA2.4: 2% da nota da unidade 6.

Emprega polo menos 8 parámetros para avaliar a fiabilidade dunha fonte escrita empregada na elaboración dun traballo de investigación: exactitude, autoridade, obxectividade, organización, navegabilidade, actualidade, cobertura, acceso e deseño. Restarase o 0,5 por cada criterio non empregado ou aplicado incorrectamente.

CA2.5: 1 % da nota da unidade 6.

Emprega fontes fiables na realización do seu traballo de información. Restarase o 1 % por cada fonte non fiable empregada.

CA2.6: 2 % da nota da unidade 6..

Cita polo menos tres fontes distintas. Restarase o 2% da nota se cita menos de tres fontes.

CA3.5: 3 % da nota da unidade 6.

Evita o plaxio e cita as fontes consultadas para a elaboración dun traballo. Restarase o 1 % por cada párrafo copiado ou plaxiado.

CA4.7: 5% da nota da unidade 6.

Establece vínculos argumentados entre un mito e outras manifestacións artísticas. Sumarase o 1 % por cada vínculo debidamente argumentado.

CA5.2: 3 % da nota da unidade 6.

Cita correctamente as referencias bibliográficas empregadas no seu traballo de investigación. Restarase o 1 % por cada fonte mal citada.

CA3.6: 4% da nota da unidade 6.

A) Aspecto externo (pulcritude, limpeza, respecto polas marxes, tipo de letra, espazo interlinear, diferenciación adecuada dos puntos...): 2 %.

- O traballo presenta pulcritude, limpeza, respecto polas marxes, un tipo de letra ou espazo interlinear adecuado e unha correcta diferenciación dos apartados: 2 %

- O traballo non presenta adecuadamente un dos requirimentos relativos ao seu aspecto externo: 1 %.

- O traballo non presenta adecuadamente dous ou máis requirimentos relativos ao seu aspecto externo: 0 puntos.

B) Estrutura externa: 2 %

- O traballo conta con todos os aspectos da estrutura: portada, índice, introdución, corpo, conclusión e bibliografía. 2 puntos.

- O traballo carece dun dos aspectos da súa estrutura ou non está desenvolvido adecuadamente. 1 puntos.

- O traballo carece de dous ou máis aspectos da estrutura requirida ou non están desenvolvidos adecuadamente. 0 puntos.

CA3.4: 4% da nota da unidade 6.

Realiza un traballo de investigación con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. Restarase 0,5 % por cada falta.

CA4.1: 8% da nota da unidade 6. Presentación oral dun traballo de investigación e participación nun coloquio sobre as lecturas.

CA4.1. A (presentación oral dun traballo): 4%

A) Fluidez: 1%. Exprésase con naturalidade e pronuncia con claridade e cun volume de voz e velocidade de exposición adecuados. Non emprega retrousos nin repeticións innecesarias. Capta a atención dos receptores e míraos durante a exposición. Restarase 0,5 por cada falta.

B) Utiliza adecuadamente os medios auxiliares: 1%. Se non é así, a puntuación será de 0.

C) Estrutura: 1 %. A puntuación divídese proporcionalmente entre cada unha das partes da presentación e restarase a parte proporcional por cada un dos elementos ausentes ou mal utilizados.

Introdución. Débese presentar o tema de forma clara, breve e motivadora.

Corpo. Na exposición das ideas débese mostrar solvencia e confianza ao expresar os coñecementos.

Conclusión. Contén as ideas principais da exposición.

D) Presenta a información precisa e pertinente para o desenvolvemento do tema e selecciona as fontes máis acaídas para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso: 1 %. Se o contido da exposición é a

aceptable, pero falta algunha información pertinente, restarase o 0,05 %. Se falta bastante información relevante, restarase o 1%.

CA4.1. B (participación nun coloquio sobre as lecturas): 4%

A) Respecta as quendas de palabra sen interromper os demais, e escoita o que din para poder argumentar a favor ou en contra. Evita impor as súas ideas elevando o ton de voz ou menosprezando a opinión do resto e deixa intervir aso demais: 2 % da nota. Restarase o 1% por cada falta.

Participa activamente no coloquio e demostra solvencia e confianza ao falar das lecturas: 2 %. Sumarase un 1 % por cada aportación debidamente argumentada. Se non participa no coloquio, a puntuación será 0.

UNIDADE 7. Compón un poema.

CA3.4: 4% da nota da unidade 7.

Escribe un poema, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. Restarase 1 % por cada falta.

CA3.7: 4 % da nota da unidade 7.

Revisa a redacción dun texto poético, detecta e subsana erros ortográficos e incorpora outro tipo de correccións realizadas pola profesora. Se ten máis de catro faltas de ortografía, restarase o 1% por cada falta non corrixida; se ten catro ou menos, restarase o 2%.

CA4.8: 6% da nota da unidade 7.

A) Crea un texto poético respectando as características e convencións do xénero e empregando diferentes recursos literarios: 2%. Sumarase un 1 % por cada recurso aportado.

B) É creativo, orixinal e o poema está moi elaborado: 1 %. Restarase un 1% por falta de creatividade e orixinalidade.

C) O poema ten unidade temática: 1%. Se non ten unidade temática, restarase o 1 %.

D) Non se perde a musicalidade do poema, independentemente do tipo de rima, verso ou estrofa utilizados: 2%. Restarase o 0,05.% por cada falta.

F) Se copia ou plaxia o poema, a puntuación será de 0 puntos.

UNIDADE 8. Realiza un lapbook.

CA4.5: 8% da nota da unidade 8.

Realización dun lapbook sobre unha lectura realizada polo alumno.

A) A portada está elaborada, ten título e contén imaxes relacionadas coa lectura: 2 %. Restarase o 1% por cada falta.

B) Organización interior: 2%. Contén variedade de formas e imaxes relacionadas coa lectura realizada e estas están elaboradas e coidadas. Restarase o 1% por cada falta.

C) Contido: 2 %. Fai un breve resumo da lectura, describe os personaxes principais, identifica o espazo e tempo no que se desenvolve a historia e os temas máis destacados. Sumarase o 0,05 % por cada aportación debidamente realizada.

D) Valoración da lectura: 2 %. Expón de maneira argumentada o seu punto de vista sobre a lectura e o que esta lle aportou. Sumarase un 1% por cada valoración ou opinión debidamente argumentada.

Criterios de recuperación:

O alumnado que nalgunha avaliación obteña unha cualificación inferior a 5 puntos (despois do redondeo) deberá realizar a proba de recuperación da avaliación ou avaliacións suspensas.

A nota obtida na proba de recuperación representará o 100% da cualificación.

Para o cálculo da cualificación final, terase en conta a cualificación máis alta das dúas: a da avaliación ou a de recuperación correspondente.

A recuperación da primeira avaliación realizarase durante o segundo ou terceiro trimestre do curso.

A recuperación da segunda e terceira avaliación realizarase durante o terceiro trimestre do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este apartado non procede neste nivel educativo.

6. Medidas de atención á diversidade

Partindo do feito diferencial que caracteriza ao alumnado e que condiciona todo proceso de ensino-aprendizaxe, en tanto que seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias etc, sitúa aos docentes na necesidade de educar en e para a diversidade.

Seguiranse as medidas establecidas RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

Para dar cumprimento a esta situación e necesidades, dispónse de dous tipos de vías ou medidas: medidas ordinarias ou habituais e medidas específicas ou extraordinarias. As medidas específicas son unha parte importante da atención á diversidade, pero deben ter un carácter subsidiario. As primeiras e máis importantes estratexias para a atención á diversidade adoptaranse no marco de cada centro e aula concreta.

A) MEDIDAS XERAIS:

- Despois da avaliación inicial decidíranse as medidas concretas de actuación de acordo ao Decreto 229/2011, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes na C. A. de Galicia., xunto co apartado 5 do artigo 11º do Decreto 86/2015
- Para poder traballar mellor as necesidades de cada alumno/a disporanse actividades sobre un mesmo contido de repaso, de reforzo e de ampliación variando o grado de dificultade.
- En relación ó desenvolvemento persoal e social evítanse as comparacións descualificadoras dos alumnos/as tanto sexan polas súas dificultades ou polas súas diferenzas.
- En relación co desenvolvemento intelectual, terase en conta que nesta etapa prodúcese a construción dunha forma de razoamento hipotético-deductivo que non é un proceso automático que vai coa idade do alumnado, nin é homoxéneo
- Ofreceráse unha gran variedade de contextos que poden servir de motivación e punto de partida a distintos alumnos e alumnas, ben polo seu diferente interese, ben pola distinta familiarización que teñan co contexto.
- Atenderase á diversidade na formulación das actividades, por iso presentaranse actividades básicas de reforzo e actividades de ampliación e afondamento.
- En relación á interacción entre iguais, fomentaranse as relacións de aceptación, axuda mutua, cooperación e respecto polas diferenzas, tan importantes para que o alumnado que teña dificultades na aprendizaxe non se sinta rexeitado e desmotivado.
- Un adecuado contexto de actividades cooperativas nas que se creen relacións de interdependencia entre os alumnos/as será outra das medidas a aplicar.
- Prestar unha axuda máis personalizada para fomentar a adquisición das habilidades necesarias para beneficiarse do traballo e da relación cos seus iguais.
- En calquera caso, prestarase especial atención ante necesidades de apoio/reforzo, alumnado con TDAH, síndrome de Asperger, altas capacidades, incorporación tardía /desvantaxes sociais e enfermidades que impiden unha regular escolarización.

B) MEDIDAS DE REFORZO:

B1) Adaptación de centro e de aula (A.43 da Orde do 8 de setembro de 2021):

- Ubicación da alumna/o preto da mesa da profesora.
- Ubicación da alumna/o a carón de compañeiros que lle sirvan de axuda.
- Evitar a proximidade ás portas, fiestras, papeleiras e outros lugares de tránsito.
- Promover a súa participación con preguntas.
- Facilitarlle material escrito para evitar tomar apuntes das explicacións teóricas ou ter que copiar do encerado.

B2) Adaptacións na metodoloxía (A.45 da Orde do 8 de setembro de 2021):

- Utilizar frases curtas e claras nas explicacións.

- Presentar a idea principal ó principio da explicación.
 - Achegarnos a súa mesa e continuar alí a explicación.
 - Utilizar reforzos e apoio visual na instrución oral.
 - Planificar actividades con diferentes niveis de dificultade ou de execución.
 - Incluir tarefas para a casa con actividades que persigan o afianzamento e consolidación de contidos básicos da materia.
 - Incluir actividades de recuperación de aprendizaxes non acadados.
 - Facilitarlle materiais escritos con resumos, esquemas e vocabulario previo para permitirlle acceder á comprensión dun tema.
 - Flexibilizar os prazos na entrega de traballos.
 - Usar e reclamar o contacto visual.
 - Recordar en que aspectos debe de centrar especialmente a atención no desenvolvemento dunha actividade.
 - Asegurarse de que antes de iniciar unha actividade entendeu o que ten que facer e os pasos que ten que seguir.
 - Facer preguntas sobre a actividade realizada para que sexa capaz de descubrir os erros cometidos.
- Supervisión do uso da axenda escolar.

B3) Medidas para mellorar a súa motivación e autoestima:

- Utilizar reforzos positivos para motivar.
- Procurar supervisar frecuentemente as tarefas para reconducir no caso de distraccións ou felicitar no caso de que se estea executando.
- Reforzar por ter rematadas as tarefas ben feitas, describindo a calidade do traballo.
- Destacar os progresos, aínda que no conxunto dun exercicio non estea correctamente resolto, destacando o esforzo realizado para manter altas as expectativas de logro.
- Recordar con certa frecuencia todos os avances acadados ata un momento dado.

B4) Adaptación dos instrumentos de avaliación (A.46 da Orde do 8 de setembro de 2021):

- Exames escritos con preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo, evitando as dobres negativas.
- Separar as diferentes cuestións dunha pregunta en apartados claramente diferenciados.
- Avaliar contidos mediante entrega de traballos ou exposicións en clase.
- Incluir preguntas que impliquen diferentes tipos de resposta.
- Remarcar a parte máis salientable das preguntas nas probas escritas.
- Flexibilidade coa ortografía nos exames escritos.
- Adaptar o formato da proba escrita: tipo de letra, tamaño, entreliñado.
- Incluir preguntas con diferentes graos de logro.
- Complementar a avaliación con outros instrumentos.

C) MEDIDAS ESPECÍFICAS (consúltense as lendas ao final deste apartado):

- NEE: Discapacidade intelectual: Medidas específicas (B, D, E, F, I, J, K, M). Orientacións e respostas educativas: alumnado con discapacidade intelectual: <http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644>.
- NEE Discapacidade motórica. Medidas (B). Orientacións e respostas educativas: alumnado con discapacidade motora <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/libros/motora.pdf>. Pautas do EOE da Coruña.
- NEE: Discapacidade sensorial. Medidas (B, C). Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/27080>. Pautas do EOE da Coruña.
- NEE: Trastornos xeneralizados do desenvolvemento (TEA) Síndrome Asperger. Medidas (B). Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento. <http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655>. <http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703>. ASPERGA A Coruña <http://www.asperga.org/>.
- NEE: Trastornos graves de conduta. Medidas (A, B,L). Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: <http://www.edu.xunta.gal/portal/convivencia>. <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal> Específicas.
- NEAE: Altas capacidades. Medidas (A, B, C, I). Sobredotación intelectual. <http://www.edu.xunta.es/portal/node/3700>. Orientacións e respostas educativas: alumnado con sobredotación intelectual: <http://www.edu.xunta.es/portal/node/3630> .<http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/144>. Coordinación con ASAC. Pautas do EOE da Coruña Específicas.
- NEAE: TDAH. Medidas (A, B, C, E, N). Terase en conta o establecido no punto 8.1, Anexo 1, apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario: <http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546>. -Orientacións da Asociación Compostelá de nenos/as con TDAH: <http://www.acnhsantiago.org/> Específicas.
- NEAE: Dislexia. Medidas (A, B, C, D, E). Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos da aprendizaxe: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3656>. -Orientacións da Asociación de Dislexia: <http://www.agadix.e.s/>. -Orientacións EOE da Coruña e propostas do DO .

- NEAE: Incorporación tardía (alumnado estranxeiro de recente incorporación ou incorporación despois de iniciado o curso). Medidas (D, E, F). Alumnado de incorporación tardía (procedente do estranxeiro): <http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146>. UTS e OMIX Concello.
- NEAE: Necesidades específicas de aprendizaxe. Medidas (A, B, C, D, E, F, N, O). Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos da aprendizaxe <http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656> <http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409> -UTS e OMIX Concello: clases de Reforzo.
- DESVANTAXE SOCIOEDUCATIVA: Ambientes desfavorecidos/marxinais. Medidas (A, B, C, D, L, N, O). Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar: <http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/410> Instituto Galego para a Xestión do Terceiro Sector Igaxes3 <http://www.igaxes.org/?lang=es>. -UTS e OMIX Concello: Clases de Reforzo -Convenio con Igaxes3 -Contratos Programa.
- DESVANTAXE SOCIOEDUCATIVA: Etnia xitana. Medidas (B, D, E, O). Programas e plans: <http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/412> <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3791>. Programa Promociona) https://www.gitanos.org/galicia/santiago_de_compostela/
- ATENCIÓN EDUCATIVA POR ENFERMIDADE: Atención educativa domiciliaria. Medidas (B, P). Protocolo de atención educativa domiciliaria: <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>. <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/17722>.
- ATENCIÓN EDUCATIVA POR ENFERMIDADE: Atención educativa hospitalaria. Medidas (B, Q). <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>
- PLAN DE REFORZO DE LINGUA PARA ALUMNOS CON EXENCIÓN DE FRANCÉS

Os alumnos exentos de Francés realizarán, en coordinación coa profesora que imparte a materia ao grupo de referencia, actividades encamiñadas a reforzar e afianzar as aprendizaxes mínimas da mesma.

Ademais, estes alumnos adoitan presentar serias deficiencias de expresión e comprensión, polo que se fará especial fincapé na lectoescritura.

- PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA O ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.

Aplicarase o disposto no 52 da ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Lendas de medidas/equivalencias:

A_Axenda escolar; B_Seguimento titorial do rendemento; C_Reforzo educativo; D_Exención da 2ª Lingua Estranxeira / Programa de lectoescritura; E_Apoio fóra / dentro da aula do profesorado de PT; F_ACS; G_Grupos de adquisición de linguas; H_Grupos de competencia curricular; I_Agrupamentos flexibles; J Integración da materias en ámbitos; K_PMAR (coa LOMLOE temos de novo os PDC); L_Programa de HHSS; M_PROA; N_Clases do Concello; Ñ_Programa Promociona, Secretariado Xitano; O_Desenvolvemento das Competencias clave; P_Atención educativa domiciliaria; Q_Atención educativa hospitalaria.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívica e en valores (repecto, tolerancia, cooperación, solidaridade, igualdade social e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre homes e mulleres, e o recoñecemento e a contribución de ambos sexos ao desenvolvemento social e ao coñecemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde.				X				
ET.4 - Coidado do medio ambiente.					X			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebración de efemérides como o día do Libro.	Coa celebración desta data o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores ou autoras, ou facer lecturas colectivas de textos literarios.			
Participación en concursos literarios.	Informarase ao alumnado dos concursos literarios abertos e fomentarse a súa participación.			
Asistencia a actividades relacionadas coa literatura.	Asistencia a recitais poéticos, representacións teatrais, coloquios literarios, contacontos...			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Planifica a práctica docente segundo a programación.
Realiza a avaliación inicial a principio de curso a fin de tomar as medidas individuais e colectivas necesarias.
Ao comezo de cada unidade didáctica infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van desenvolver, as actividades que se realizará e os instrumentos e criterios de avaliación.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos dos alumnos.
As actividades propostas son variadas en canto a tipoloxía e sistema de traballo.
A planificación e distribución asignado a cada tarefa é axeitado.
Empréganse recursos e materiais didácticos variados.
Desevólvense as medidas de atención á diversidade necesarias ao alumnado que así o require.
Lévanse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.
Deséñanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Aplícase a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Explícanse e e corríxense na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empréganse os materiais e recursos didácticos programados.
Póñense en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Aplícanse os criterios e e procedementos de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilízanse diferentes instrumentos de avaliación (exames, traballos, exposicións orais, redaccións e proxectos de investigación).
Desenvólvense procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.

Resolve as dúbidas do alumnado e revisa e corrixe os traballos propostos.

Fai posible a retroalimentación na entrega e avaliación de traballos indicando os aspectos nos que o alumno debe introducir melloras.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A profesora informará ao alumnado dos obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, contidos, materiais didácticos e sistemas de recuperación. A programación estará a disposición do alumnado e da comunidade educativa en Edixgal e na páxina Web do IES Poeta Añón (figurará na área do Departamento de Lingua Castelá e Literatura).

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvolvidas adaptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

9. Outros apartados

1. Procedemento para informar ao alumnado e á comunidade educativa da programación

A profesora informará ao alumnado dos obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, contidos, materiais didácticos e sistemas de recuperación. A programación estará a disposición do alumnado e da comunidade educativa en Edixgal e na páxina Web do IES Poeta Añón (figurará na área do Departamento de Lingua Castelá e Literatura).